

A Historia Clínica Electrónica en Galicia é o rexistro unificado de toda a información clínica procedente de actividades relacionadas coa saúde: consultas, intervencións cirúrxicas, probas diagnósticas, prescricións farmacolóxicas, etc... realizadas a un cidadán nos diferentes niveis asistenciais que compoñen o Servizo Galego de Saúde.

Este sistema, denominado IANUS, ofrece a información clínica dispoñible para un cidadán, independentemente do hospital e/ou centro de saúde de Galicia no que se rexistrara.

A través dos accesos publicados a continuación, vostede terá acceso a:

1. Os distintos tipos de documentos que conforman a información clínica xerada en formato electrónico no Servizo Galego de Saúde a través da plataforma **É-Saúde**.
2. A Documentación clínica dispoñible nos Servizos de Saúde das Comunidades Autónomas conectadas a través do proxecto **Historia Clínica Dixital do Sistema Nacional de Saúde (HCDSNS)**.

Tanto en E-Saúde como en HCDSNS iránse incorporando progresivamente os distintos tipos de documentos dispoñibles que forman parte da historia clínica dos cidadáns galegos.

LIGAZÓNS DE INTERESE

Vídeo de presentación de É-Saúde

Información sobre a ferramenta É-Saúde

Acceso á plataforma É-Saúde

D.N.I. Electrónico

<p>Historia Clínica Electrónica >> Informes SERGAS  </p>	
<p>Darase acceso ao cidadan a unha versión imprimible dos informes e resultados da súa Historia Clínica.</p> <p>Para a súa adecuada interpretación e se ten calquera dúbida consulte co seu médico.</p>	>
<p>Historia Clínica Electrónica >> Historia Clínica Dixital do Sistema Nacional de Saúde (HCDSNS)  </p>	
<p>Mediante este servizo vostede poderá:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Consultalos informes clínicos en formato electrónico que existan sobre vostede nalgunha Comunidade Autónoma. • Visualizalo rexistro de accesos na plataforma de Historia Clínica compartida do Sistema Nacional de Saúde (HCDSNS) <p>Para o acceso aos servizos necesita dispoñer do DNI electrónico con certificado válido.</p>	>
<p>Historial Farmacoterapéutico  </p>	
<p>Consulta da medicación activa, plan de dispensación e histórico de dispensacións.</p>	>